A Xunta lidera a transformación e recuperación urbanística de Galicia con iniciativas dirixidas a corrixir impactos paisaxísticos e fomentar o fermosismo.

Nunha contorna tan privilexiada como o barrio da Atalaia na península lucense de San Ciprián (Cervo) o Goberno galego promove xunto ao Concello o proxecto para acondicionar unha praza coa que se ampliarán os espazos públicos.

A actuación enmárcase no plan Hurbe, unha iniciativa a través da cal dende 2010 a Xunta mobilizou ao redor de 163 M€ para o financiamento de máis de 410 intervencións urbanísticas en decenas de concellos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- En que situación se atopa o proxecto para acondicionar unha praza pública no barrio da Atalaia de San Ciprián (Cervo)?

2.- Cal é investimento previsto para esta actuación?

3.- Que características terá a nova praza e, en particular, elementos de decoración distintivos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2023 11:39:30

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2023 11:39:44

Carmen María Pomar Tojo na data 13/01/2023 11:39:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 11:44:44
Nº Rexistro: 47080
Data envio: 13/01/2023 11:44:44.570

PARLAMENTO DE GALICIA

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2023 11:40:14

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2023 11:40:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2023 11:40:39

María Belén Salido Maroño na data 13/01/2023 11:40:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 11:56:24
Nº Rexistro: 47082
Data envio: 13/01/2023 11:56:24.668

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Daniel Vega Pérez, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, José Luís Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e **Moisés Rodríguez Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

As Letras Galegas 2023 estarán dedicadas ao mestre Laurentino Francisco Fernández del Riego, un recoñecemento que coincide co 110º aniversario do seu nacemento.

Ambas efemérides son unha oportunidade para dar maior visibilidade ao gran legado histórico e intelectual que deixou este persoeiro na lingua e literatura galegas, de feito foi un os máis prolíficos ensaístas do século XX e XXI.

Con todo, tampouco é posible esquecer o seu papel dinamizador da vida literaria, cultural e intelectual de Galicia, primeiro como fundador de Editorial Galaxia, e, xunto a Ramón Piñeiro, de Grial, a publicación que sería referencia da literatura en galego e das reflexións sobre Galicia.

Tamén é salientable a súa participación activa en numerosas asociacións e agrupacións a prol da lingua e das súas expresións, desde o Seminario de Estudos Galegos (que este ano celebra tamén o seu centenario) ata a Real Academia Galega ou a Fundación Penzol, que celebra o seu 60 aniversario e foi fundada por el e na que depositou o seu legado.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades traballa, xunto a outras entidades e institucións culturais galegas, nun amplo abano de actividades de homenaxe ao longo de todo o ano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- En que consisten as actividades programadas en homenaxe ao mestre das letras Francisco Fernández del Riego?
2.- Hai previstas algunha desas actividades na súa vila natal, o municipio lucense de Vilanova de Lourenzá? De ser así, en que consisten?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 11:56:24
Nº Rexistro: 47082
Data envio: 13/01/2023 11:56:24.668

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2023 11:53:25

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2023 11:53:39

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2023 11:53:55

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2023 11:54:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2023 11:54:20

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2023 11:54:41

Gómez Salgado, Carlos na data 13/01/2023 11:54:55

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2023 11:55:04

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/01/2023 11:55:26

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:13:26
Nº Rexistro: 47083
Data envio: 13/01/2023 12:13:26.484

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a supresión dun facultativo de medicina xeral no centro de saúde da Rúa e as medidas que debe de tomar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Rúa conta, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, cunha poboación de 4.245 habitantes en 2021. Dese total de habitantes un 59% está na franxa entre 18 e 65 anos mentres que o 30% é maior de 65. A media de idade no concello a día de hoxe é de 50,97 anos, o que representa 1,86 anos máis que vai un lustro. Dentro do termo municipal hai tamén dúas residencias de persoas maiores. Os Pinos, pertencente á Fundación Valdeogos, que conta con 111 prazas entre concertadas e libres e Nosa Señora de Fátima, da Fundación San Rosendo, que ten 70 prazas en total.

Non escapa polo tanto o concello da tendencia que é xeralizada, salvo contadísimas excepcións, na provincia de Ourense: envellecemento paulatino.

Do punto de vista da atención sanitaria, A Rúa pertence ao distrito sanitario de Valdeorras. O Centro de Saúde do Concello foi construído en 1982. Ten polo tanto 40 anos de antigüidade e é de titularidade municipal. Na actualidade, segundo o “Plan de

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:13:26
Nº Rexistro: 47083
Data envio: 13/01/2023 12:13:26.484

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Infraestruturas Sanitarias: Atención primaria" feito público en 2021 pola Consellaría de Sanidade, atende a 4.200 TIS (Tarxetas Individuais Sanitarias).

Este centro de saúde ten moitas carencias no que se refire a instalacións e profesionais para atender á poboación. Así e todo, até o mes de abril de 2022 contaba con 4 médicos de medicina xeral, 1 pediatra, 4 enfermeiras, 1 auxiliar de enfermaría e 2 auxiliares administrativos. Ao tempo, tiña dúas unidades de apoio: odontólogo e hixienista dental.

Aos problemas derivados da propia antigüidade do edificio súmase o feito de que non foi construído para albergar un Centro de Saúde destas características. Polo tanto ten importantes carencias e deficiencias estruturais e funcionais no que ten a ver coa accesibilidade, seguridade, espazos, barreiras arquitectónicas... É por este motivo que a poboación da Rúa leva décadas loitando pola construción dun novo edificio que dea solución ás necesidades de atención sanitaria que precisa o concello.

As alarmas comezaron a soar coa propia publicación do "Plan de Infraestruturas Sanitarias: Atención primaria" antes mencionado. Aí a cidadanía comprobou por primeira vez que a Consellaría de Sanidade facía unha previsión de 6 consultas de adultos (3 de medicina e 3 de enfermería) ademais da consulta de odontoloxía (para compartir o odontólogo e hixienista), 1 sala polivalente, 1 do programa da muller, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 consulta de urxencias, sala de educación sanitaria, e despacho de traballo social. Isto supuña, na práctica, a previsión da supresión dunha consulta de medicina e outra de enfermería.

A actualidade máis recente é a que segue: o pasado 30 de marzo publicábase no portal de Contratos Públicos de Galiza a tramitación ordinaria do "Contrato de servizo para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra de edificación:

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:13:26
Nº Rexistro: 47083
Data envio: 13/01/2023 12:13:26.484

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Centro de Saúde da Rúa (Ourense), de clave OU/22/003.30. AT/004/2022". A día de hoxe estamos pendentes de que a Axencia Galega de Infraestruturas elabore un informe técnico sobre a documentación presentada polas 3 empresas licitadoras a ese concurso. (As Mesas de Contratación reuníronse en data 28 de abril – apertura da documentación administrativa – e 3 de maio – apertura de proposicións técnicas -).

Entre toda a documentación que se adxuntaba nesa licitación aparece como Anexo II o "Plan Funcional do Centro", que desenvolve e concretiza o resumo do plan funcional incluído no "Plan de Infraestruturas". Ese Plan Funcional parte da situación actual no Centro de Saúde en funcionamento para facer unha previsión do cadro de persoal para o novo Centro de Saúde unha vez executado, rematado, e posto en funcionamento. Aí confírmase a eliminación dun médico de atención primaria (pasando de 4 a 3); previsión que se ve reafirmada no Anexo III (Programa de Espazos do futuro CS da Rúa) que estipula só 3 consultas de medicina para adultos así como 3 consultas de enfermaría para adultos.

Dase ademais a circunstancia de que nos últimos días tense xubilado un dos 4 médicos que até o mes pasado exercía a súa labor no Centro de Saúde da Rúa polo que, na práctica, xa son 3 as/os profesionais que están a atender á poboación adulta na Rúa.

Todo isto nun contexto de (post)pandemia e cunha poboación moi envellecida. Isto supón unha intolerábel merma da calidade na atención sanitaria incrementando substancialmente o número de TIS que pasará a atender cada médico nun contexto poboacional cunha idade media de case 51 anos.

Neste contexto é de remarcar que no Pleno ordinario do Concello da Rúa celebrado no día 2 de maio producíuse o acordo unánime dos catro grupos que fan parte

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:13:26
Nº Rexistro: 47083
Data envio: 13/01/2023 12:13:26.484

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da corporación municipal (BNG, PSOE, PP e RUA) en apoio a unha moción do PSOE que reclamaba:

1. O rexeitamento da supresión dun médico de medicina xeral no Centro de Saúde.

2. Instar á Xunta de Galiza a manter os catro médicos de medicina xeral cos que conta a actualidade o Centro de Saúde.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Van cubrir no curto prazo a praza do facultativo que está vacante após a xubilación do médico que a ocupaba?

- Por que no Plan Funcional do novo Centro de Saúde da Rúa se elimina de facto unha consulta de medicina de atención primaria e unha de enfermaría ao respecto das que até o de agora tiña A Rúa?

- Que valoración fan deste feito?

- Consideran que unha poboación de máis de 4.000 habitantes cunha idade media que supera os 50 anos está ben atendida con só 3 facultativos?

- Teñen pensado rectificar este recorte premeditado dos dereitos sanitarios da poboación da Rúa?

- Despois de máis de 20 anos de espera, consideran que a poboación da Rúa vai estar satisfeita con este novo deterioro da súa atención sanitaria?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:13:26
Nº Rexistro: 47083
Data envio: 13/01/2023 12:13:26.484

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2023 12:12:28

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:12:32

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2023 12:12:42

María González Albert na data 13/01/2023 12:12:52

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:16:49
Nº Rexistro: 47085
Data envio: 13/01/2023 12:16:49.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de maio, coincidindo co Día da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas, desenvolveuse simultaneamente en varias cidades unha xornada reivindicativa para denunciar as "intolerábeis agardas que deben asumir as persoas con discapacidade para poder acceder a todos os seus dereitos, causados polos retrasos tanto na avaliación do grao de discapacidade como na implantación da nova baremación da discapacidade".

No cidade de Pontevedra tivo lugar un acto reivindicativo e de denuncia na delegación da consellaría de Sanidade, na que están ubicados os Equipos de Valoración e Observación da Discapacidade (EVO). No acto participaron representantes de COGAMI, Amizade, AGL, Alcer, Asearpo e profesionais e persoas usuarias dos servizos de COGAMI en Pontevedra.

Tal como xa denunciou o BNG en anteriores ocasións, e como puxeron de manifesto as entidades convocantes desta xornada, o tempo medio da avaliación da discapacidade é de 11 meses, chegando nalgúns casos a espera a superar os dous anos e até os tres anos.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:16:49
Nº Rexistro: 47085
Data envio: 13/01/2023 12:16:49.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes retrasos teñen importantes repercusións negativas na vida das persoas, xa que afectan a temas fundamentais como o acceso ao emprego, educación, accesibilidade, prestacións sanitarias e tamén a axudas económicas para compensar a desigualdade de oportunidades.

A causa principal do retraso nas baremacións é a carencia de persoal nos equipos de avaliación. Diante das denuncias reiteradas por parte de profesionais, e como resposta a iniciativas parlamentares, a Xunta anunciou a incorporación de equipos de reforzo por acúmulo de tarefas, medida que foi cualificada polo persoal dos equipos como un parche, xa que este persoal é contratado por períodos de 9 meses e non ten continuidade. Este tipo de medidas foron establecidas xa con anterioridade pola administración autonómica, cando menos desde o ano 2012, mais non conseguiron resolver o problema de fondo, que non é outro que a insuficiencia de equipos estábeis para dar resposta ao elevado número de solicitudes.

Segundo datos de 2019, existían daquela 5.560 persoas en listaxe de agarda na zona norte da provincia de Pontevedra, das cales 900 levaban máis de dous anos agardando e 500 destas aínda non foran avaliadas.

En moitos casos, debido a tempos de agarda tan prolongados, prodúcese a morte da persoa demandante sen que chegue a ser avaliada e polo tanto a acceder ás prestacións a que ten dereito.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:16:49
Nº Rexistro: 47085
Data envio: 13/01/2023 12:16:49.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza lóxicos e razonábeis os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e en toda Galiza?

. Cantas persoas están pendentes de avaliación da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra?

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para reducir sensibelmente as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e no conxunto de Galiza?

. Ten previsto o goberno galego crear novos equipos estábeis para a avaliación da discapacidade na zona norte de Pontevedra e en toda Galiza?

. Comparte o goberno galego a idea de que a contratación de equipos de reforzo por acumulo de tarefas é un parche que non resolveu nos últimos 10 anos o problema?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:16:49
Nº Rexistro: 47085
Data envio: 13/01/2023 12:16:49.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2023 12:16:08

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:16:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2023 12:16:30

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:24:16
Nº Rexistro: 47086
Data envio: 13/01/2023 12:24:16.578

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recursos sanitarios existentes na comarca da Barbanza non permiten a atención de patoloxías graves nin, en moitos casos, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado nin ter UCI o Hospital da Barbanza.

Na atención das patoloxías de gravidade, o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que esta comarca, cunha importante actividade económica con potencial risco, como é o traballo no mar e unha importante actividade industrial, non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir, dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Foron estes, entre outros, os motivos que no ano 2019 levaron a máis de 4.500 persoas e a diversos colectivos e entidades da comarca a asinar unha petición para conseguir que o hospital comarcal conte cunha ambulancia medicalizada do 061.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:24:16
Nº Rexistro: 47086
Data envio: 13/01/2023 12:24:16.578

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca da Barbanza e por iso o BNG, que considera imprescindíbel esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e a vida dos veciños e veciñas da zona, vén demandándoa mediante emendas presentadas aos orzamentos da Xunta nos últimos anos, ou solicitando a súa inclusión nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre realizados por parte da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061, dependente do SERGAS, demandas que ata o de agora non foron tidas en consideración.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos recursos sanitarios da comarca da Barbanza para atender as patoloxías e os casos máis graves?

. Que valoración fai da inexistencia de UCI no hospital comarcal e de ambulancia de soporte vital avanzado?

. Considera que as características -poboacionais, socio-laborais e sanitarias, entre outras- da comarca son as necesarias para poder contar cunha ambulancia de soporte vital avanzado? De ser así, por que razón non se ten incluído nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre do 061? De non ser así, cales son as características ou requisitos que sería imprescindíbel cumprir, segundo a Consellaría de Sanidade, para poder contar con esa dotación?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:24:16
Nº Rexistro: 47086
Data envio: 13/01/2023 12:24:16.578

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai da mobilización social que xa no ano 2019 levou a un importante número de veciños e veciñas e de entidades da comarca a solicitar unha ambulancia de soporte vital avanzado?

. Vai a Xunta de Galiza a ter en conta esta demanda nos vindeiros orzamentos para o 2023? De non ser así, por que razón?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:23:32

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:23:37

Rosana Pérez Fernández na data 13/01/2023 12:23:46

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:28:48
Nº Rexistro: 47088
Data envio: 13/01/2023 12:28:48.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a realizar para o recoñecemento da labor d@s TCAEs.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do sistema sanitario @s Técnic@s en Coidados de Enfermería (TCAE) teñen un papel relevante, realizan actuacións moi diversas, desde coidados, alimentación, hixiene, colaboración con probas diagnósticas, apoio psicolóxico e emocional a doentes e familias... malia isto a súa labor está falta de recoñecemento tanto laboral coma social, queda moitas veces ensombrecido.

As súas funcións están reguladas polo Estatuto de Persoal Sanitario non Facultativo, unha norma totalmente obsoleta, de hai 49 anos, do franquismo, do ano 1973.

No ano 1986 recoñéceselle a categoría profesional, en 1995 establécese o título de Técnic@ en Coidados Auxiliares de Enfermería (TCAEs), cun currículum de ciclo formativo de grao medio. A partir de aí non se ten avanzado nin na regulación nin no seu recoñecemento.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:28:48
Nº Rexistro: 47088
Data envio: 13/01/2023 12:28:48.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe unha fenda moi importante entre o mapa de competencias profesionais que este colectivo desenvolve na súa actividade laboral, e o seu currículo e clasificación profesional.

É preciso o recoñecemento das funcións d@s Técnic@s en Coidados de Enfermería (TACEs), @s que se lle esixe unha titulación de perfil técnico que nin se recoñece, nin remunera.

Desde a creación da categoría de Técnicos de Formación profesional no SERGAS non se tiña abordado a creación de postos de xefatura ou coordinación até o ano 2003. Nese ano, no ámbito da mesa sectorial, pactouse un acordo sobre melloras retributivas e profesionais, que regula a creación destes postos. Neste acordo recóllese o mandato de crear determinados postos de coordinación de persoal Técnico Superior. Apesares de que estes postos de xefatura teñen amparo normativo para o seu desenvolvemento dentro da Función Pública Galega, a situación é que se segue pendente de que o SERGAS regule a Orde pola que se crean.

A Organización Mundial da Saúde leva xa advertindo dende o ano 2000 da necesidade de avanzar nunha axeitada distribución das tarefas entre profesionais sanitarios, unha cuestión que non tivo unha aplicación global no Estado español e que actualmente produce un déficit en relación ao recoñecemento e formación de determinadas titulacións como pode ser a das Técnicas e Técnicos en Coidados de Enfermería.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:28:48
Nº Rexistro: 47088
Data envio: 13/01/2023 12:28:48.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para o recoñecemento da labor profesional e salarial d@s TCAEs?

. Cales son as xestións que ten feito para que se procesa á elaboración do currículo profesional d@s TCAEs, acorde coa actividade laboral que desempeñan, e lle outorgue a clasificación profesional que lles corresponde que é o nivel 3?

. Ten demandado que se aplique o artigo 76 do EBEP para este colectivo?

. Vai proceder á creación de postos de traballo de coordinación de TCAEs no Sergas, ao igual que existen no resto de categorías?

. Por que non os ten creado a pesares de existir un acordo asinado?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:28:01

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:28:48
Nº Rexistro: 47088
Data envio: 13/01/2023 12:28:48.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:28:06

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:28:23

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:31:22
Nº Rexistro: 47090
Data envio: 13/01/2023 12:31:22.531

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O Goberno galego dende 2009 a 2021 deixou sen gastar dos 5.154 millóns de euros asignados a políticas de emprego 1.775 millóns de euros, o 34,4 % do crédito asignado.

Esta afirmación proven dos datos facilitados polo Parlamento de Galicia sobre a execución orzamentaria.

Salientar que dos fondos asignados para formación para o emprego, 1.370 millóns de euros para formación de persoas paradas e 358 millóns para ocupadas, quedaron sen gastar 573 millóns de formación para paradas e 196 millóns para ocupadas.

Estes datos reflicten que os orzamentos realizados polo Goberno do Partido Popular son, en materia de emprego, unha farsa porque non os executan e, por tanto, con eles non son capaces de pór en marcha unha política de formación para o emprego, partindo da análise das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral galego para ter como resultado unhas políticas activas de emprego eficientes

Coñecido a finais de 2022 o nivel de execución orzamentaria da Xunta de Galicia do terceiro trimestre do ano, O Grupo Parlamentario Socialista ve con preocupación os datos que presentan as contas nos seguintes programas:

-Fomento da empregabilidades, un 16,4 %
-Formación profesional para desempregados, un 27,3 %
-Mellora da cualificación para o emprego, un 28,5 %

Só o programa de mellora dos sistemas de saúde supera o nivel de execución do 50 %.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución orzamentaria da Conselleria de Emprego?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:31:22
Nº Rexistro: 47090
Data envio: 13/01/2023 12:31:22.531

2ª) Analizou o Goberno galego cal é a causa da baixa execución que se repite ano tras ano da partida de fomento da empregabilidade? E da de formación para desempregados?

3ª) Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia para alcanzar unha alta execución no peche do exercicio 2022?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 18:55:24

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 18:55:35

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 18:55:45

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:44:32
Nº Rexistro: 47093
Data envio: 13/01/2023 12:44:32.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao dereito do persoal estatutario dos Servizos de Saúde á xubilación anticipada e parcial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de xullo de 2006 subscribiuse o Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social, consecuencia do cal foi promulgada a Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social. Na súa disposición adicional sétima establece que "*no prazo dun ano, o Goberno presentará un estudo sobre a normativa reguladora da xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públic@s, así como do persoal das Forzas Armadas e ao servizo da Administración de Xustiza, que aborde a aplicación da normativa reguladora de tales modalidades de xubilación, as condicións nas que esta aplicación non xere problemas de sostibilidade aos sistemas de protección social e á homoxeneización, en termos equiparábeis, dos diferentes réximes. En dito estudo contemplarase a realidade específica dos diferentes colectivos afectados, incluída á do persoal ao que lle é de aplicación a Lei 55/2003,de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, tomando en consideración as singularidades que rodean ao mesmo, desde unha perspectiva acorde coas prioridades e garantías que se sinalen no parágrafo anterior*".

A pesar de que teñen transcorrido case 15 anos desde a aprobación da Lei, o persoal estatutario, así como o resto de empregad@s públic@s, seguen sen ter garantido

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:44:32
Nº Rexistro: 47093
Data envio: 13/01/2023 12:44:32.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o acceso á xubilación anticipada e parcial, véndose frustradas as expectativas dese dereito de multitude de persoas que, por razón da súa idade, poidan aspirar a acollerse a estas modalidades de xubilación.

Tal como admite a propia disposición adicional sétima da Lei 40/2007 o persoal estatutario ten singularidades que o distinguen do resto do funcionariado, pola propia natureza do servizo público sanitario, prestación de servizo continuado as vinte e catro horas do día e os trescentos sesenta e cinco días do ano, o contacto coa enfermidade, a toma de decisións sobre a saúde e a vida doutras persoas, a presión familiar, o traballo a quendas...

Os propios plans de ordenación de recursos humanos que publica a propia Administración recollen problemas como os de unha pirámide profesional envellecida, o que incrementa o número de incapacidades temporais, a imposibilidade de efectivizar os acordos sindicais relativos a que o persoal facultativo deixe de facer gardas ao cumprir 55 anos, a imposibilidade de non traballar en horario nocturno a partir desa idade do resto do persoal...

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai a Xunta de Galiza dirixirse ao Goberno español en demanda de que regule a xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públicos dos Servizos de Saúde?

Non lle parece de xustiza a regulación da xubilación anticipada e parcial dadas as características do traballo que desempeñan de atención continuada, quendas, afectación psicosocial...?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:44:32
Nº Rexistro: 47093
Data envio: 13/01/2023 12:44:32.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten intención a Xunta de Galiza de desenvolver a Lei do Estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde de Galiza, contemplado no punto 3 do artigo 109 da Lei 8/2008?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:42:54

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:42:58

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:43:09

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:48:57
Nº Rexistro: 47095
Data envio: 13/01/2023 12:48:57.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a transferencia a Galiza do Ingreso Mínimo Vital.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a súa creación a través do Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, o Ingreso Mínimo Vital apenas chegou a un terzo da poboación prevista inicialmente polo Goberno español. Ás sucesivas modificacións normativas durante os primeiros meses de implantación engadíronselle problemas burocráticos na súa tramitación que demoraron o acceso a esta prestación económica xerando graves prexuízos para persoas usuarias, entre elas, galegas e galegos beneficiarias da RISGA debido á incompatibilidade de ambas as dúas prestacións.

O tempo transcorrido puxo en evidencia a necesidade de que a xestión do Ingreso Mínimo Vital sexa transferida ás Comunidades Autónomas para axilizar a súa tramitación e adaptala ás diversas realidades socio-económicas de cada territorio.

De feito, a propia lei que crea e regula o IMV prevé no seu articulado (disposición adicional quinta) a súa transferencia aos territorios forais (Euskadi e Navarra) e tamén a posibilidade de conveniar (disposición adicional cuarta) coas comunidades de réxime común a cesión da súa xestión.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:48:57
Nº Rexistro: 47095
Data envio: 13/01/2023 12:48:57.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, non foi até 2022, e logo dunha intensa negociación, que o Goberno español e o Goberno de Euskadi acordaron a transferencia. É dicir, tardaron dous anos en dar cumprimento ao disposto na propia lei.

Pola nosa banda, Galiza vén reclamando a transferencia do IMV desde o inicio desta prestación. Neste senso, foi obxecto de diversos acordos parlamentarios esta reclamación, o primeiro deles en decembro de 2020.

O Ingreso Mínimo Vital é unha ferramenta útil e necesaria para garantir o dereito a unha vida digna, iso é indiscutíbel, mais o centralismo político non pode prexudicar a súa implantación e, moito menos, mermar a súa efectividade porque dela depende a garantía de dereitos fundamentais.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos reclamando e urxindo a transferencia a Galiza do IMV co obxectivo non só de axilizar a súa tramitación senón como mecanismo para crear unha prestación única que supere a actual RISGA e permita crear unha Renda galega de inclusión social e laboral.

No contexto actual, marcado pola brutal escalada de prezos que está a empobrecer amplísimas capas da sociedade, a reclamación da transferencia a Galiza do IMV colle novo impulso e faise aínda máis necesaria. Por esta razón, é preciso que a Xunta de Galiza materialice de maneira máis contundente esta demanda a través dos organismos formalmente creados para este tipo de traspasos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª :

Cando vai convocar a Xunta de Galiza a comisión mixta de transferencias para esixir, entre outros, o traspaso ao noso país do Ingreso Mínimo Vital?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:48:57
Nº Rexistro: 47095
Data envio: 13/01/2023 12:48:57.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:48:19

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:48:23

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:48:34

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:52:45
Nº Rexistro: 47096
Data envio: 13/01/2023 12:52:45.922

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilalba é un dos concellos máis grandes de Lugo, conta cunha poboación en torno aos 14.000 habitantes dos cales máis de 500 son nenas e nenos. Como a maioría dos concellos galegos vén perdendo poboación de modo continuado.

Leva varios anos sen atención pediátrica especializada pola non cobertura das prazas de Pediatra, quedando esta atención en mans de médicas de familia co correspondente curso de puericultura.

Á súa vez o concello de Abadín cunha grande superficie tamén conta con aproximadamente uns 2.500 habitantes e deles máis de 100 son crianzas.

Nin que dicir ten que a merma de asistencia sanitaria preocupa sobremaneira á poboación de ambos concellos, nais e pais que queren para as súas fillas e fillos a máis completa atención sanitaria e coa maior calidade posible.

Consideramos que é imprescindible que o Centro de Saúde de Vilalba conte como mínimo coas dúas prazas de especialista en Pediatría cubertas, para poder darlle á poboación infantil asistencia sanitaria da máis alta cualificación.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:52:45
Nº Rexistro: 47096
Data envio: 13/01/2023 12:52:45.922

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a Abadín desprázase unha das profesionais existentes 2hs, durante 1 día á semana, que por suposto tanto as nais e pais como o BNG consideramos absolutamente insuficiente e motiva que estas criaturas teñan que viaxar a Vilalba se precisan atención outro día da semana.

Facilitar uns servizos tan básicos como a atención pediátrica completa, tanto no seguimento da saúde como na enfermidade é fundamental para que as parellas se queden a habitar nestes 2 concellos desfrutando dun servizo sanitario público e da máxima calidade, pero tamén de proximidade, que facilite a súa conciliación familiar, entre outras cousas.

Do contrario o máis probable é que, debido a isto, e a outro sen número de dificultades que atoparán ao longo da crianza dos seus fillos nas áreas rurais, acaben mudándose cara poboacións que conten con servizos públicos, amplos, gratuítos e que os fagan estar en igualdade de condicións a eles e ás súas crianzas co resto de cidadáns das zonas máis urbanas.

É mal costume acomodarse na resposta de que non hai profesionais, hai anos que se coñecía o risco de que Vilalba e a súa contorna quedara sen atención Especializada en Pediatría, polo tanto o que hai que facer é poñerlle remedio, porque a poboación ten dereito a recibir esta atención sen ter que acudir á privada, para conseguir a tranquilidade de saber atendidas as necesidades sanitarias das súas criaturas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:52:45
Nº Rexistro: 47096
Data envio: 13/01/2023 12:52:45.922

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Consellería de Sanidade cubrir as prazas de Pediatría do Centro de Saúde de Vilalba con persoal Especializado mellorando así a calidade asistencial que se veu deteriorando dende hai anos?

. Que medidas ten tomado a Xerencia da Eoxi de Lugo, Cervo, Monforte para conseguir profesionais especialistas para a cobertura destas prazas?

. Que medidas vai tomar a partires de agora para reforzar a atención pediátrica en Abadín?

. Son conscientes de que os nenos dos concellos que non contan con pediatría especializada parten en desvantaxe a respecto dos que si a desfrutan?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2023 12:51:43

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:52:45
Nº Rexistro: 47096
Data envio: 13/01/2023 12:52:45.922

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:51:48

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:51:58

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 13:06:34
Nº Rexistro: 47100
Data envio: 13/01/2023 13:06:34.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas de recortes e privatizacións dos servizos públicos implantadas pola Xunta desde o ano 2009 levaron a unha situación crítica o sistema público de saúde.

O trasvase de grandes cantidades de fondos públicos á sanidade privada, a non cobertura de postos de traballo vacantes por xubilacións, a non cobertura de baixas e vacacións, a explotación laboral… son manifestacións do deterioro do sistema sanitario público, que lle afecta dunha maneira especialmente intensa á atención primaria e ás urxencias extrahospitalarias.

A pandemia da COVID puxo en evidencia unha situación que xa era moi precaria antes de 2020, como se puxo de manifesto nas denuncias de colexios, sindicatos, persoal e das persoas usuarias.

Cando van aumentar as prazas de matronas tanto para garantir a equidade en toda Galiza como para que as ratios matrona/nº de mulleres se adecúen ao recomendado?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:15:11
Nº Rexistro: 47432
Data envio: 18/01/2023 12:15:11.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:14:22

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:14:27

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 12:14:41

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:26:21
Nº Rexistro: 47434
Data envio: 18/01/2023 12:26:21.500

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martin Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O 6 de xullo de 2020 os representantes dos traballadores técnicos forestais do SPIF realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga para pedir a actualización do acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Esta enquisa telemática a todo o colectivo, estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo de 2020 ás 10:00 horas, nela a participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga. Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Posteriormente, os sindicatos denunciaron que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería do Medio Rural aplicou descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestaban servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denunciaron que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, nun claro acto de mala fe, coaccionar o persoal aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga.

Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando nela o cese inmediato desta actuación e a reposición integra das cantidades retidas de xeito ilegal. Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc …

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:26:21
Nº Rexistro: 47434
Data envio: 18/01/2023 12:26:21.500

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha iniciativa co fin de desbloquear a negociación e pedímoslle á Consellería do Medio Rural que deixase de ter comportamentos que vulneran o dereito á folga das persoas traballadoras técnicos do SPIF e que avaliase e corrixise os criterios aplicados para os descontos excesivos en nómina do cadro de persoal que participa na dita folga. Esta iniciativa tivo en contra o voto do Partido Popular.

O Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela acaba de estimar o recurso contencioso administrativo contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, do 27 de agosto de 2020, na que inventa uns criterios de descontos salariais que aplicou nas nóminas de agosto e setembro de 2020 ao persoal técnico de incendios. Especificamente, declara a "NON conformidade a dereito" da resolución e o dereito das persoas afectadas a percibir o 100 % das súas retribucións mensuais no tempo que prestaron servizos mínimos. A maiores, a sentenza imponlle costas á Xunta de Galicia.

A Consellería do Medio Rural tentou por varios medios reprimir a folga atentando contra este dereito fundamental: contratando a persoal de empresas externas (Seaga) para a realización de tarefas habituais non decretadas nos servizos mínimos, presionou individualmente ao persoal facendo que declarase se apoiaba a folga convocada e finalmente exerceu descontos salariais sobre o persoal que estaba a cumprir os servizos mínimos. Estes descontos realizáronse ademais cunha celeridade pouco habitual, tocando o salario ao persoal antes de rematar o mes de agosto de 2020, cando a folga aínda estaba en marcha.

A situación foi inaudita xa que é a primeira vez que se aplicaron descontos salariais a un persoal que traballou en servizos mínimos, xustificando a dita actuación, vinculando a rebaixa salarial ao número de incendios que tiveron en cada centro de coordinación (a menor número de lumes, maior desconto) aínda que o 100 % deles foron atendidos con normalidade.

O xulgado non entra a valorar a xustificación da Consellaría e deixa claro que con independencia de que non se desempeñaran todas as funcións que lle corresponde ao persoal técnico, esa dispoñibilidade outórgalles o dereito a percibir o salario sen dedución proporcional ás funcións desenvolvidas ou á taxa de incendios. Queda tamén claro que na aplicación dos descontos salariais vulnerouse o establecido nos artigos 30.2 e 14 d) do EBEP, sendo non conforme a dereito e tendo por único obxectivo real a desmobilización do seguimento da folga legalmente convocada nese momento.

Aínda que a sentenza pode ser apelada pola Consellería do Medio Rural ante o TSXG, entendemos que o fallo é moi claro e debería acatar e abonar os descontos que se lle fixeron aos técnicos do servizo. Non hai que esquecer que esta decisión

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:26:21
Nº Rexistro: 47434
Data envio: 18/01/2023 12:26:21.500

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

foi tomada pola actual conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, que naquel momento era secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira nada máis e nada menos que de Emprego e Igualdade, polo que debería de asumir responsabilidades ao quedar inhabilitada para tal función unha responsable pública que non respecta o dereito á folga dos traballadores que ten ao seu cargo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que pensa facer a Consellería do Medio Rural ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, abonando as contías descontadas ao persoal técnico do SPIF pola folga de agosto do 2020?

2ª) Recorrerán a sentenza ante o TSXG?

3ª) Prevé o Goberno galego pedirlle responsabilidades á actual conselleira de Emprego e Igualdade, daquela secretaria xeral da Consellería do Medio Rural, María Jesús Lorenzana por tal decisión tomada contra o dereito dos traballadores á folga?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/01/2023 18:26:16

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2023 18:26:31

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:38:25
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 18/01/2023 12:38:25.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda e a un traballo digno é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. actualmente somos quen de ver como ese dereito é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda e un emprego estábel e non precario é un piar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

A día de hoxe, a mocidade galega vive ancorada na imposibilidade do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral na que vive. Hoxe, esta precariedade non foi a menos, senón que aumentou en eidos como o da temporalidade do traballo, o empobrecemento das condicións laborais ou a posibilidade mesma de atopar un traballo, situación que se agrava aínda máis coa chegada da COVID-19 e o seu enorme impacto no tecido económico do país.

Un exemplo claro desta situación, atopámolo nas cifras de emancipación xuvenil nas idades comprendidas entre os 24 e o 29 anos, cunha taxa de emancipación do 15%. É dicir, só 15 de cada 100 mozas comprendidas entre esta franxa de idade é quen de botar a andar a súa vida de xeito autónomo.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:38:25
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 18/01/2023 12:38:25.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén desta situación pódese advertir a consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas.

Mais este non é o único motivo que explica o incremento dos prezos dos alugueiros no noso país, xa que a especulación ligada á construción que existía antes da crise do 2008, tornouse nunha especulación coa vivenda mesma após este período de crise.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e a particulares. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego así como tamén a máis precariedade e temporalidade, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso da mocidade a unha vivenda digna e a un traballo de calidade na terra.

As políticas públicas postas en marcha pola Xunta de Galiza, non van ao núcleo do problema, senón que se limita a ofrecer axudas insuficientes para o alugueiro e máis para a compra de inmóbeis para que as mozas deste país poidan acceder a unha vivenda, cando a realidade di que a mocidade galega non ten capacidade económica para mercar unha vivenda, polo que a insuficiencia nas axudas para o alugueiro fan que a mocidade

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:38:25
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 18/01/2023 12:38:25.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teña que continuar a vivir na residencia familiar, nos mellores casos, ou a emprender o camiño da emigración forzosa.

No eido do emprego vemos como as políticas da Xunta de Galiza, nos mellores casos, só son quen de crear empregos cunha temporalidade moi alta e cunha precariedade abafante.

Galiza precisa que a capacidade na emancipación xuvenil sexa unha realidade. Son necesarias iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan a unha regulación nos prezos dos alugueiros.

Desde as administracións públicas deben despregarse iniciativas que garantan o acceso a unha vivenda digna a un prezo non desorbitado, alén dunhas condicións laborais dignas que permitan a emancipación da mocidade galega.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valora a Xunta de Galiza a situación de imposibilidade práctica da mocidade galega para acceder a unha vivenda digna en réxime de alugueiro?

. Por que, a Xunta de Galiza, só considera estudar bonificacións para o acceso a unha vivenda, por parte da mocidade galega, nun réxime de compra mentres hai unha clara insuficiencia nas axudas para o alugueiro?

. Como valora a Xunta de Galiza os datos do IGE a respecto da porcentaxe de mozas entre 18 e 34 anos que ten que vivir na residencia familiar?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:38:25
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 18/01/2023 12:38:25.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera, a Xunta de Galiza, que o acceso a unha vivenda digna en réxime de alugueiro pode contribuír a fixar poboación e a reducir as taxas de emigración xuvenil?

. Que vai facer a Xunta de Galiza para facilitar o acceso a unha vivenda digna por parte da mocidade galega?

. Entende como algo prioritario, a Xunta de Galiza, aumentar a taxa de emancipación da mocidade galega?

. Que valoración fai o goberno galego en relación á precariedade laboral e á temporalidade que caracteriza ao mercado de traballo a nivel xuvenil?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado de deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/01/2023 12:37:30

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:37:40

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:40:29
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 18/01/2023 12:40:29.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Moraña leva sufrindo, e sofre hoxe en día de forma moi notábel, a política de recortes e de desmantelamento que a Xunta de Galicia lle aplica á sanidade pública e nomeadamente á atención primaria. A situación de abandono e precariedade vén de lonxe mais agravouse nos últimos tempos.

A atención primaria en Moraña adoece de graves problemas estruturais, entre os que salientamos os seguintes:

- A carencia de servizo de pediatría. Trátase dunha praza compartida co concello de Cuntis e que segue sen cubrirse e que obriga aos pais e nais a desprazarse ao PAC de Caldas de Reis para que as crianzas poidan recibir atención médica. A Consellería de Sanidade até o de agora o que fixo foi poñer escusas e remendos sen dar unha solución definitiva a esta eiva. Aínda que no seu día o SERGAS comprometeuse a que un/ha pediatra estaría dous días á semana en Moraña, nin tan sequera hai servizo eses dous días. É máis, moitas familias que sacaban citas na web do Sergas para pediatría no CS de Moraña se lle daban sen ningún problema, pero ao chegar ao CS atopábanse que non había pediatra.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:40:29
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 18/01/2023 12:40:29.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A falta de reposición dunha praza de médico/a, despois da recente xubilación dunha das doutoras que prestaba servizo no centro de saúde de Moraña.

- A cobertura dunha baixa en horario reducido. Ao xubilarse unha doutora e ao cubrir outra praza médica por baixa pero en horario reducido fai que moitísimos días o Centro de Saúde de Moraña só conte cun médico, incapaz de atender a todas a persoas citadas e que acoden ao centro.

-A amortización dunha praza de celador/a que estaba cuberta por persoal de servizos xerais. Cando se xubilou a persoa que a ocupaba, a Consellaría decidiu amortizala.

- A situación límite do persoal sanitario. Son moitos os días nos que o centro de saúde conta cun médico/a e o persoal de enfermería resulta insuficiente para desenvolver o traballo diario xa que, ademais, debe atender a domicilio a pacientes que o necesiten ao tempo que realizan desprazamentos para cumprir coas campañas de vacinación da gripe e da COVID-19.

Recentemente a Consellería de Sanidade anunciou, a través do goberno municipal de Moraña, unha serie de melloras das infraestruturas do centro de saúde como a ampliación de salas médicas. Aínda que se valoren positivamente as melloras das infraestruturas sanitarias, estas obras futuras non resolven os graves problemas do presente, que teñen que ver sobre todo con carencias de medios humanos. Por moito que se amplíen as instalacións, non servirá de nada se non se dota o centro con persoal sanitario.

Para unha atención sanitaria de calidade o que se precisa é un centro médico dotado de suficientes recursos humanos e materiais. Trátase, pois de que o SERGAS poña os medios para rematar coas colas na rúa para acceder ao centro de saúde, para rematar coas múltiples chamadas telefónicas para poder contactar co centro de saúde, e

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:40:29
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 18/01/2023 12:40:29.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para rematar coas listas de agarda de semanas, que colapsan os PACs e as urxencias hospitalarias.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Considera o goberno galego que se está a prestar unha atención sanitaria de calidade no centro de saúde de Moraña?

Como avalía a Xunta as listas de agarda do centro de saúde de Moraña?

Ten previsto dotar este centro de saúde de servizo de pediatría?

Ten previsto a Xunta cubrir as prazas vacantes para evitar o colapso da atención primaria e a saturación de PACs e urxencias hospitalarias?

Que medidas vai adoptar a Xunta para garantir a prestación dunha atención sanitaria de calidade no centro de saúde de Moraña?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:40:29
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 18/01/2023 12:40:29.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:39:44

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 12:39:51

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:40:02

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:44:30
Nº Rexistro: 47441
Data envio: 18/01/2023 12:44:30.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis dun ano, en outubro de 2020, foi anunciada publicamente por parte do propio presidente da Xunta de Galiza a construción dunha nova unidade de hospitalización no hospital comarcal da Barbanza. Segundo as súas declaracións, a ampliación suporá o incremento de 22 camas.

Nove meses despois, en xullo deste ano, repítese o anuncio público por parte do conselleiro de Sanidade, nunha visita que realizou ás instalacións do hospital comarcal. Neste caso, o incremento de camas sobe ata 36, desglosado en 12 camas para unha nova unidade para hospitalización materno-infantil e 24 destinadas a pacientes de medicina interna e paliativos. Na súa visita, o conselleiro afirma tamén que a licitación do proxecto “agardamos” que sexa no outono e que as obras “comecen antes de final do ano próximo”.

No mes de novembro, un ano despois do primeiro anuncio, a Xunta de Galiza volve publicitar a obra e anuncia que o hospital recibirá máis de medio millón de euros para a licitación do proxecto para a ampliación da área de hospitalización.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:44:30
Nº Rexistro: 47441
Data envio: 18/01/2023 12:44:30.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2021, a partida que se contemplaba para o hospital da Barbanza era de 589.248 euros, idéntica á que se contempla no proxecto de orzamentos para o 2022.

Tendo en conta que a futura ampliación debe pasar aínda por varias fases (realización, elaboración dos pregos e licitación do proxecto construtivo, elaboración dos pregos e licitación da obra, adxudicación da mesma e, finalmente, construción) e que, a piques de rematar xa o ano aínda non se procedeu á licitación do proxecto construtivo, non semella que as obras poidan comezar antes de finais de 2022, tal e como aseguraba o conselleiro no mes de xullo. Os orzamentos proxectados para ese exercicio pola Xunta de Galiza, cunha cantidade total de 589.248 euros, tampouco serían suficientes para levar a cabo a realización do proxecto e ademais o comezo das obras.

O hospital da Barbanza, aínda con moitas deficiencias despois de case 25 anos en funcionamento, é unha infraestrutura sanitaria básica para a comarca. A ampliación da súa área de hospitalización é unha vella demanda do persoal do centro e do conxunto dos veciños e veciñas da comarca que incidirá na cercanía dos servizos á poboación e evitará -sempre e cando se dote dos recursos humanos e materiais necesarios- moitos dos traslados que hoxe se realizan ao Hospital Clínico de Santiago.

Por esta razón, os trámites para que se faga canto antes e se dote acaidamente deben ser áxiles, non admitir demoras e ir acompañados das dotacións orzamentarias necesarias. Despois dun ano de anuncios reiterados é moita hora de pasar xa aos feitos e de efectivizar as promesas dos distintos responsábeis políticos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:44:30
Nº Rexistro: 47441
Data envio: 18/01/2023 12:44:30.078

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Que previsión temporal ten a Xunta de Galiza para proceder á licitación do proxecto construtivo da ampliación da área de hospitalización do hospital da Barbanza que, segundo o propio conselleiro de Sanidade, debería facerse no outono?

2.- Que datas manexa o Goberno para o inicio das obras de ampliación?

3.- Cal é o incremento exacto de camas que se derivaría desa ampliación?

4.- Que partida ou partidas orzamentarias dos orzamentos da Xunta de Galiza para 2022 dan cobertura á realización do proxecto e ao inicio das obras?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:43:56

Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2023 12:44:00

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:44:13

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:47:09
Nº Rexistro: 47442
Data envio: 18/01/2023 12:47:09.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de incrementar e mellorar os servizos de fisioterapia na Sanidade Pública na comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Sanidade Pública da Mariña continua a ser de extrema precariedade. A inmensa maioría dos servizos sanitarios presentan eivas tanto na cantidade de persoal como na cantidade de medios e, como non podería ser doutro xeito, o servizo de fisioterapia tamén está a sufrir estas eivas.

A día de hoxe podemos sinalar como o Hospital da Mariña en Burela soamente conta cunha soa médica rehabilitadora para preto de setenta mil habitantes. Unha profesional que evidentemente non é capaz de ofrecer un servizo de calidade e rápido, debido á evidente sobrecarga de traballo coa que ten que convivir. Esta sobrecarga faise aínda maior se temos en conta que no Centro de Saúde de Burela non existe este servizo, provocando que os e as doentes teñan que acudir á xa máis que sobrecargada profesional do Hospital Comarcal.

Mais este problema non se circunscribe soamente ao concello de Burela xa que a ausencia de profesionais desta especialidade pode dicirse que está xeralizada na totalidade da comarca. Deste xeito observamos como tanto no concello de Viveiro e no Ribadeo os seus centros de saúde non contan con servizo de fisioterapia na quenda de

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:47:09
Nº Rexistro: 47442
Data envio: 18/01/2023 12:47:09.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tarde. Isto ademais dá lugar a unha situación canto menos estraña na que na Atención Primaria dispoñemos de instalacións que están infrautilizadas, dotadas de material, nas que faría falta contratar fisioterapeutas para darlles total rendemento, alixeirar as agardas e evitar derivacións á privada que acaban sendo a última das consecuencias do desleixo deste servizo. Alén de todo isto, temos tamén os exemplos de Foz e Mondoñedo que a día de hoxe non teñen garantido a atención fisioterapéutica nos seus centros de saúde nas quendas de mañá e de tarde.

Finalmente é necesario que falemos do caso da fisioterapia de atención temperá no Hospital de Burela. Neste caso o servizo atende a nenos e nenas con idades entre os cero e seis anos. O servizo dispón de fisioterapeuta motora, pero esta non fai fisioterapia respiratoria, o que provoca que nos contextos nos que hai que impartilas conxuntamente os nenos e nenas reciben en Burela a rehabilitación motora, mais teñen que desprazarse ao HULA para a respiratoria.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cal é a razón que explica a ausencia do servizo de fisioterapia nas quendas de tarde nos centros de saúde de Viveiro e Ribadeo?

. Está disposta a Xunta de Galiza a dotar do servizo de fisioterapia ao Centro de Saúde de Burela?

. Vai aumentar a Xunta de Galiza o número de profesionais de rehabilitación do Hospital da Mariña?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:47:09
Nº Rexistro: 47442
Data envio: 18/01/2023 12:47:09.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta de Galiza garantir que o servizo de fisioterapia respiratoria de atención temperá se poida realizar no propio Hospital da Mariña previa contratación doutro ou doutra profesional?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:46:32

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:46:36

Daniel Castro García na data 18/01/2023 12:46:47

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:51:51
Nº Rexistro: 47443
Data envio: 18/01/2023 12:51:51.594

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a atención a persoas LGBT e as políticas para evitar a discriminación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da COVID-19 impactou de múltiples formas sobre as nosas vidas, de xeito que poucos espazos quedaron libres da súa influencia. Tamén sobre as persoas LGBT, especialmente as máis novas, pois moitas delas durante os diferentes períodos de confinamento máis ou menos estritos víronse abocadas a regresar ao domicilio familiar. Isto provocou que unha porcentaxe non desprezable das mesmas tiveran que atoparse nunha situación na que se producían violencias constantes contra elas procedentes deste núcleo, ou directamente tendo que ocultar a súa identidade de xénero ou a súa sexualidade por non ser a familia coñecedora das mesmas.

Isto súmase a o feito de que nos últimos tempos vimos asistindo a un empeoramento nos discursos de odio e ataques LGBTfóbicos. Esta é unha tendencia global na que Galiza non permanece allea. Estamos a presenciar a un importante repunte nas manifestacións LGBTfóbicas a través de actos vandálicos nas rúas de todo o País, dirixidos tanto a boicotear calquera mostra de apoio ao colectivo, como coa divulgación de mensaxes abertamente degradantes que teñen acollida nos medios de comunicación ou incluso entre certos partidos políticos. Mais non fica aí, senón que tamén se están a

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

172766

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:51:51
Nº Rexistro: 47443
Data envio: 18/01/2023 12:51:51.594

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dar numerosos casos de acoso, cunha presenza destacable do acoso a través da rede, e de agresións contra as persoas LGBT, tanto verbais como, infelizmente, físicas. De feito, neste verán de 2021 tivo lugar o asasinato dun mozo na Coruña no que, presuntamente, a súa orientación sexual formou parte das motivacións para esta violencia. De confirmarse o carácter LGBTfóbico do sucedido, estariamos ante o primeiro asasinato destas características nos últimos 15 anos.

Tamén cómpre destacar que as denuncias que se continúan dando por condutas ou actitudes LGBTfóbicas padecidas dentro da Administración pública galega. A pesar dos 7 anos transcorridos desde a aprobación da lei 2/2014, o certo é que unha grande parte desta norma continúa sen desenvolver, nomeadamente no tocante á realización de plans de formación para o persoal público, así como campañas de divulgación e concienciación.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o colectivo LGBT galego?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza das políticas desenvolvidas en materia afectivo-sexual? Cal é o motivo polo cal a lei 2/2014 conta con tantos aspectos que están aínda sen desenvolver?

. Cal é a situación na que se encontran os centros Quérote+? Cales son as actividades de divulgación que se están a realizar no día de hoxe? Que medidas ten contempladas para incrementala?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:51:51
Nº Rexistro: 47443
Data envio: 18/01/2023 12:51:51.594

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é a razón pola que o goberno galego non conta cun plan de formación para as traballadoras públicas nin cun plan de atención a persoas LGBT?

. Cales son as medidas vixentes actualmente para traballar a educación afectivo-sexual a Xunta de Galiza nos centros de ensino? Que programas ou accións foron desenvolvidos nos últimos anos? Cales son os materiais de divulgación existentes a día de hoxe nos centros de ensino?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:50:51

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:51:12

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 12:51:20

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:54:01
Nº Rexistro: 47444
Data envio: 18/01/2023 12:54:01.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, en demanda dun novo Centro de Saúde en Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Sada (A Coruña) foi inaugurado no ano 1990 e a súa construción estivo envolta nunha gran polémica xa que a parcela estaba situada nun lugar inaccesible para a poboación maior ou con dificultades de mobilidade.

Tres décadas despois a realidade social e demográfica do concello de Sada mudou significativamente. Segundo os datos que ofrece o IGE, mentres que no ano 1990 Sada contaba con 8.796 habitantes, a 1 de xaneiro de 2020 o censo de poboación case dobrou até os 16.186.

Ademais do incremento poboacional tan relevante e da mala ubicación do actual Centro de Saúde, a localidade de Sada precisa de máis e mellores servizos sanitarios porque a poboación estacional en períodos vacacionais supera os 25.000 habitantes.

O goberno da Xunta de Galiza presentou recentemente o Plan de infraestruturas sanitarias aprobado no Consello da Xunta do 29 de outubro de 2021.

Nese Plan, que prevé a mellora e construción de Centros de Saúde en Galiza, non se menciona Sada nin aparece iniciativa ningunha que poida dar cumprimento a ese obxectivo nin resposta ás necesidades de atención sanitaria deste concello.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:54:01
Nº Rexistro: 47444
Data envio: 18/01/2023 12:54:01.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada, aprobado o 29 de novembro de 2017, contempla unha nova parcela de equipamento sanitario onde poder construír un novo Centro de Saúde ampliado e accesible, en terreos situados entre o campo de fútbol Andrés Pena e o IES Isaac Díaz Pardo.

A Consellería de Sanidade ten coñecemento desta necesidade e tamén de que existen terreos a disposición para ubicar este equipamento sanitario, polo que entendemos que, segundo demanda e nos traslada a sociedade sadense, se deberá incluír nese plan de infraestruturas a construción dun novo Centro de atención primaria, con maior capacidade que o actual e mellor ubicado, de maneira que sexa accesible para toda a poboación.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. É consciente o goberno do acrecentamento poboacional da vila de Sada (A Coruña) nos últimos anos?

. Coñece o goberno as dificultades de accesibilidade do actual Centro de Saúde para a poboación maior ou con dificultades de mobilidade?

. Por que non está incluída a construción dun novo Centro de Saúde en Sada no Plan de infraestruturas sanitarias recentemente aprobado polo Consello da Xunta?

. Dialogou o goberno galego co goberno municipal sadense para valorar a dispoñibilidade de espazo que ofrece o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada para a construción deste Centro de Saúde?

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 12:54:01
Nº Rexistro: 47444
Data envio: 18/01/2023 12:54:01.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Prevé atender e incorporar o goberno da Xunta esta demanda veciñal?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 12:53:12

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:53:21

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:53:33

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:00:22
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 18/01/2023 13:00:22.688

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non por reiteradamente coñecidas e denunciadas publicamente por parte da sociedade galega e rexistradas polo grupo parlamentario do BNG nesta cámara, se percibe a resolución por parte da Xunta das severas deficiencias que afectan de forma estrutural a sanidade pública galega e nomeadamente a atención primaria.

A desatención cidadá pola redución progresiva do persoal sanitario e administrativo, a descuberta de prazas de atención médica, pediátrica, matronas e enfermaría en períodos de baixas médicas ou vacacionais e a diminución da carteira de servizos asistenciais fan parte do proceso de desmantelamento da sanidade pública galega trazado polo PP desde a Xunta ao longo dos últimos 13 anos e que agora está a amosar a súa cara máis dura.

Todas estas eivas son compartidas nos centros de saúde do concello de Oleiros, un concello que suma unha poboación de 40.000 habitantes, en medre continuado, nomeadamente de poboación infantil, e cunha repunta importante en períodos estivais como o que agora comeza.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:00:22
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 18/01/2023 13:00:22.688

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un volume poboacional que obriga a pechar cupos (como no caso de pediatría) ou sobrepasar os cupos recomendados de paciente por médico ou médica, coas conseguintes consecuencias para uns e outros (nalgúns casos estamos a falar de case 1.700 por facultativo).

A maiores dos problemas mencionados, tamén comúns a outros centros de saúde deste concello, o PAC de Santa Cruz presenta importantes problemas de espazo.

Isto fai que a matrona teña que dar as clases de preparación ao parto na propia sala de agarda, o mesmo espazo onde moitas veces tamén se teñen que ubicar os reforzos de médicos que veñen a atender pola mañá un cupo que é de tarde, pero que para a tarde non atopan substituto.

Outro exemplo desta falta de espazo afecta ao traballo dos dous profesionais MIR que acaban de comezar; malia estaren de momento nas consultas dos titores, dentro dun tempo necesitarán o seu propio espazo, o máis próximo posíbel ao do titor, algo imposíbel por inexuistente xa neste centro de saúde.

Finalmente, outra deficiencia moi importante afecta á case nula ventilación do PAC.

A sala de agarda de urxencias deste PAC apenas conta cunha única ventá vertical, cun ángulo de apertura moi estreito, impedindo a correcta ventilación, o que obriga a facer agardar pacientes e acompañantes no exterior do centro sanitario a poder ser atendidos.

Unha situación que se agravou até o límite ao longo destes dous anos de pandemia por covid.

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:00:22
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 18/01/2023 13:00:22.688

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Ten coñecemento a Xunta das deficiencias do PAC de Santa Cruz (Oleiros) denunciadas polo persoal traballador e pola veciñanza?

- Que valoración fai a Xunta das consecuencias negativas que provoca nos pacientes a falta de ventilación na sala de agarda do PAC de Santa Cruz (Oleiros)?

- Que actuación prevé para resolver esta deficiencia? En que prazo?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:59:05

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:59:11

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:00:22
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 18/01/2023 13:00:22.688

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2023 12:59:23

CSV: BOPGDSPG-wzPwZXFcZ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:03:37
Nº Rexistro: 47447
Data envio: 18/01/2023 13:03:37.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
